

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL (CULTURMAR) PARA O XVII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

**DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar) para a celebración do XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia que terá lugar do 17 ao 20 de xullo de 2025 na vila de Ribeira.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades porque se trata dun encontro cunhas características especiais que o fai único en Galicia, motivo polo que a Consellería o decide potenciar.*

*O Encontro, de periodicidade bienal e carácter itinerante por distintos portos de Galicia, é una das manifestacións da cultura marítimo fluvial máis importantes das que se celebran na península Ibérica tanto polas súas características como polo importante número de embarcacións e tripulantes que nel participan. Ten, así mesmo, carácter internacional, pois ademais de representacións do País Vasco ou Cataluña, é constante*



*nas últimas edicións a asistencia de delegacións doutros países europeos tales como Portugal, Irlanda ou Croacia.*

*Por todo o anterior, Culturmar é a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo estas actividades, con estas especiais características, as únicas que se desenvolven na nosa Comunidade Autónoma.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

